- En cambio, ***enough*** ponse detrás do adxectivo e significa "(o) bastante", "(o) suficientemente" ou "abondo".
  *This sofa is **big enough** for my family.*
  (Este sofá é (o) bastante / suficientemente / abondo grande para a miña familia.)

  E ***not*** + adxectivo + ***enough*** significa "non (o) bastante", "non (o) suficientemente" ou "non abondo".
  *The road is **not wide enough** for this traffic.* (A estrada non é (o) bastante / suficientemente / abondo ancha para este tráfico.)
  *It did**n't** look **clear enough**.* (Non semellaba o bastante / suficientemente claro.)

MODULE 1

Contraste *Present Simple* / *Present Continuous*

- O *Present Simple* expresa hábitos, mais o *Present Continuous* sinala o que está a ocorrer no momento de falar.
  *I usually **eat** at home, but today I'**m eating** at a restaurant.*
  (Polo xeral como na casa, mais hoxe estou a comer nun restaurante.)
- Adóitase empregar o *Present Simple* para contar o que ocorre nunha historia ou nunha película.
  *The police officer **follows** the criminal and **arrests** him.*
  (O policía persegue o delincuente e arréstao.)
- O *Present Continuous* adoita empregarse para describir fotos, pois fálase da escena coma se fose algo que está a ocorrer nese momento.
  *In the picture, my father **is playing** basketball.*
  (Na fotografía, meu pai está a xogar ao baloncesto.)

Os verbos estáticos

Os verbos estáticos empréganse para expresar gustos, sentimentos e desexos, actividades da mente, pertenza e percepción. Refírense a estados no canto de se referir a accións, polo que non se adoitan empregar co *Present Continuous*. Cando se empregan co *Present Continuous* adoitan ter un significado diferente.

*I **think** your drawing is very nice.*
(Coido que o teu debuxo é moi bonito.)
*I'**m thinking** about travelling to South America.*
(Estou pensando en viaxar a Sudamérica.)

O *Past Simple*

- **Afirmativa:** suxeito + verbo rematado en ***-ed*** no caso dos verbos regulares, que é o mesmo en todas as persoas.
  Os verbos irregulares non seguen regra ningunha e, por iso, cómpre aprender de memoria as súas formas de pasado. Podes consultar a listaxe das páxinas 27-28.
  *I **visited** my aunt and uncle.* (Visitei os meus tíos.)
  *They **bought** a new house.* (Mercaron unha casa nova.)

  Nos seguintes casos, cómpre reparar nestas regras ortográficas para engadir ***-ed***:

  - Se é de 1 sílaba e remata en **1 vogal** + **1 consoante** que non sexa ***w***, ***x*** ou ***y***, dóbrase a derradeira consoante:
    *st**o**p - stop**p**ed* *pl**a**n - plan**n**ed*
  - Se é de 2 sílabas, ten o acento na derradeira e remata en **1 vogal** + **1 consoante** que non sexa ***w***, ***x*** ou ***y***, dóbrase a derradeira consoante:
    *pref**e**r - prefer**r**ed* *perm**i**t - permit**t**ed*
  - Se remata en ***l***, polo xeral dóbrase esa letra:
    *trave**l** - travel**l**ed* *cance**l** - cancel**l**ed*
  - Se remata en **consoante** + ***y***, cámbiase o ***y*** por un ***i***:
    *wor**ry** - wor**ri**ed* *t**ry** - t**ri**ed*
  - Se remata en ***e*** mudo, só se engade ***-d***:
    *bak**e** - bake**d*** *liv**e** - live**d***
- **Negativa:** suxeito + ***did not*** ou ***didn't*** + verbo na forma base.
  *They **didn't go** to the park.* (Non foron ao parque.)
- **Interrogativa:** ***Did*** + suxeito + verbo na forma base.
  ***Did** she **buy** you a present?* (Ela comprouche un agasallo?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***did*** ou ***didn't***.
  ***Did** he **win** the race? Yes, he **did**. / No, he **didn't**.*
  (El gañou a carreira? Gañou. Si. / Non.)

Os usos do *Past Simple*

Expresar accións pasadas	*I **broke** my leg.* (Rompín a perna.)
Dicir que se fixo nun momento concreto	*We **had** tea at 6 pm.* (Tomamos o té ás 18:00.)
Contar accións pasadas consecutivas	*I **had** dinner and **went** to bed.* (Ceei e deiteime.)
Contar como eran as cousas noutro tempo	*In the past, women **didn't vote**.* (No pasado, as mulleres non votaban.)

- Co *Past Simple* adoitan empregarse estas **expresións temporais**: as que levan ***ago*** (hai) ao final da expresión, ***last night*** / ***week*** / ***year*** (esta noite, a semana pasada, o ano pasado), ***at*** + unha hora, ***on*** + un día ou unha data, ***in*** + un ano, ***in the past*** (no pasado), ***yesterday*** (onte), etc.
  Poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan pórse ao final.
  *Her parents **visited** Rome **last year**.*
  (Seus pais visitaron Roma o ano pasado.)

O *Past Continuous*

- **Afirmativa:** suxeito + ***was*** / ***were*** + verbo rematado en ***-ing***.
  *I **was reading** a book.*
  (Eu estaba a ler un libro.)

  As regras ortográficas para engadir ***-ing*** están na páxina 11.
- **Negativa:** suxeito + ***was*** / ***were*** + ***not*** ou ***n't*** + verbo rematado en ***-ing***.
  *My friends **weren't swimming** in the lake.*
  (Os meus amigos non estaban a nadar no lago.)
- **Interrogativa:** ***Was*** / ***Were*** + suxeito + verbo rematado en ***-ing***.
  ***Was** he **walking** the dog?*
  (El estaba a pasear o can?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***was*** / ***were*** ou ***wasn't*** / ***weren't***.
  ***Was** it **raining** yesterday? Yes, it **was**. / No, it **wasn't**.*
  (Estivo a chover onte? Estivo. Si. / Non.)

Os usos do *Past Continuous*

Expresar o que estaba a ocorrer no pasado	*I **was studying** last night.* (Estiven a estudar esta noite.)
Describir dúas ou máis accións prolongadas e simultáneas no pasado, unidas por ***while*** ou ***as***	*She **was reading while / as** we **were sleeping**.* (Ela estaba a ler mentres estabamos a durmir.)

- Co *Past Continuous* adoitan empregarse as seguintes **expresións temporais:** as que levan ***ago*** (hai) ao final da expresión, ***at*** + unha hora, ***yesterday morning*** / ***afternoon*** (onte pola mañá / tarde), ***last night*** (esta noite), etc. Poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan pórse ao final.
  *He **was making** dinner **at seven o'clock yesterday**.*
  (El estaba a facer a cea onte ás sete en punto.)

Contraste *Past Continuous / Past Simple*

- O *Past Simple* sinala que a acción ocorreu e rematou no tempo indicado na frase, mentres que o *Past Continuous* fala de accións prolongadas que estaban a ocorrer no pasado.
  *They **painted** the house last month.*
  (Pintaron a casa o mes pasado.)
  *They **were painting** the house yesterday afternoon.*
  (Estiveron a pintar a casa onte pola tarde.)
- Cando os dous tempos aparecen xuntos, sinalan que unha acción en progreso foi interrompida por outra. A acción que interrompe adoita levar a conxunción ***when*** e un verbo en *Past Simple*, mentres que na acción interrompida adoitan empregarse ***while*** ou ***as*** e o *Past Continuous*.
  *We were listening to music **when** the telephone **rang**.*
  (Estabamos a escoitar música cando soou o teléfono.)
  ***While / As** we **were listening** to music, the telephone rang.*
  (Mentres estabamos a escoitar música, soou o teléfono.)

used to

Used to expresa feitos ou estados que eran habituais noutro tempo e logo deixaron de selo. Só ten a forma de pasado e vai seguido doutro verbo na forma base. Tradúcese como o pretérito imperfecto do verbo "adoitar" ou do verbo que o segue.

- **Afirmativa:** suxeito + ***used to*** + verbo na forma base.
  *We **used to go** to the swimming pool every Tuesday.*
  (Adoitabamos ir / Iamos á piscina todos os martes.)
- **Negativa:** suxeito + ***did not*** ou ***didn't*** + ***use to*** (sen "***d***") + verbo na forma base.
  *She **didn't use to like** history lessons.*
  (A ela non adoitaban gustarlle/ lle gustaban as clases de historia.)
- **Interrogativa:** ***Did*** + suxeito + ***use to*** (sen "***d***") + verbo na forma base.
  ***Did** you **use to play** tennis on Sundays?*
  (Adoitabas xogar / Xogabas ao tenis os domingos?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***did*** ou ***didn't***.
  Did** she **use to study** at night? Yes, she **did.** / No, she **didn't.
  (Ela adoitaba estudar / estudaba pola noite? Estudaba. Si. / Non.)

A voz pasiva en presente e pasado

Presente

Afirmativa	Negativa
I **am asked**	I **am not** / I**'m not asked**
You **are asked**	You **are not** / **aren't asked**
He **is asked**	He **is not** / **isn't asked**
She **is asked**	She **is not** / **isn't asked**
It **is asked**	It **is not** / **isn't asked**
We **are asked**	We **are not** / **aren't asked**
You **are asked**	You **are not** / **aren't asked**
They **are asked**	They **are not** / **aren't asked**

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	Negativa
Am I **asked** … ?	Yes, I **am**.	No, I**'m not**.
Are you **asked** … ?	Yes, you **are**.	No, you **aren't**.
Is he **asked** … ?	Yes, he **is**.	No, he **isn't**.
Is she **asked** … ?	Yes, she **is**.	No, she **isn't**.
Is it **asked** … ?	Yes, it **is**.	No, it **isn't**.
Are we **asked** … ?	Yes, we **are**.	No, we **aren't**.
Are you **asked** … ?	Yes, you **are**.	No, you **aren't**.
Are they **asked** … ?	Yes, they **are**.	No, they **aren't**.

Pasado

Afirmativa	Negativa
I **was asked**	I **was not** / **wasn't asked**
You **were asked**	You **were not** / **weren't asked**
He **was asked**	He **was not** / **wasn't asked**
She **was asked**	She **was not** / **wasn't asked**
It **was asked**	It **was not** / **wasn't asked**
We **were asked**	We **were not** / **weren't asked**
You **were asked**	You **were not** / **weren't asked**
They **were asked**	They **were not** / **weren't asked**

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	Negativa
Was I **asked** … ?	Yes, I **was**.	No, I **wasn't**.
Were you **asked** … ?	Yes, you **were**.	No, you **weren't**.
Was he **asked** … ?	Yes, he **was**.	No, he **wasn't**.
Was she **asked** … ?	Yes, she **was**.	No, she **wasn't**.
Was it **asked** … ?	Yes, it **was**.	No, it **wasn't**.
Were we **asked** … ?	Yes, we **were**.	No, we **weren't**.
Were you **asked** … ?	Yes, you **were**.	No, you **weren't**.
Were they **asked** … ?	Yes, they **were**.	No, they **weren't**.

- **Afirmativa:** suxeito + ***to be*** como auxiliar no tempo correspondente + participio do verbo principal.
  O participio fórmase engadindo ***-ed*** aos verbos regulares (as regras ortográficas están na páxina 13) e é o mesmo en todas as persoas. Os verbos irregulares non seguen regra ningunha e, por iso, cómpre aprender de memoria as súas formas de participio. Podes consultar a listaxe das páxinas 27-28.
  *A lot of money **is paid** for the ticket.*
  (Págase moito diñeiro pola entrada.)
  *The buildings **were destroyed** during the war.*
  (Os edificios foron destruídos durante a guerra.)

  Se se quere amentar que ou quen realiza a acción, ponse ao final da frase precedido por ***by***.
  *The thief **was identified by** the witness.*
  (O ladrón foi identificado pola testemuña.)

  En inglés emprégase moito a pasiva, mais adoita traducirse o verbo en impersoal, en pasiva reflexa ou na voz activa.
  *This tower **is used** as a museum.*
  (Usan / Úsase esta torre como museo.)
- **Negativa:** suxeito + ***to be*** como auxiliar no tempo correspondente + ***not*** ou ***n't*** + participio do verbo principal.
  *The museum **isn't visited** on Mondays.*
  (O museo non se visita os luns.)
  *The children **weren't picked up** at the station.*
  (Non recolleron os nenos na estación.)
- **Interrogativa:** ***to be*** como auxiliar no tempo correspondente + suxeito + participio do verbo principal.
  ***Is** this game **played** with a ball?*
  (Xógase a este xogo cunha pelota?)

  En preguntas con partícula interrogativa tamén se invirte a orde de ***to be*** e o suxeito, agás cando a partícula fai de suxeito pois de ser así non cambia a orde.
  ***When was** the book **written**?*
  (Cando se escribiu o libro?)
  ***What is done** in this lab?*
  (Que se fai neste laboratorio?)

  Cando o verbo principal da oración rexe unha preposición, esta ponse sempre ao final da pregunta.
  *What invention **is** Gutenberg **known for**?*
  (Por que invento é coñecido Guternberg?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***am*** / ***is*** / ***are*** ou ***was*** / ***were*** en afirmativa e ***'m not*** / ***isn't*** / ***aren't*** ou ***wasn't*** / ***weren't*** en negativa.
  ***Was** the boy **given** a prize? Yes, he **was**. / No, he **wasn't**.*
  (Déronlle un premio ao neno? Deron. Si. / Non.)

Os usos da voz pasiva

Salientar a acción e non o suxeito que a realiza	*This picture **was taken** in Italy.* (Esta foto fíxose en Italia.)
Cando o suxeito que realiza a acción é obvio, descoñecido ou non se quere nomear	*Schools **are opened** early.* (Os colexios abren cedo.)

Como pasar unha frase activa a pasiva

Ponse o verbo ***to be*** no mesmo tempo que tiña o verbo principal en activa, e este verbo en participio.
Activa: *They **opened** a shop a few days ago.*
(Abriron unha tenda hai uns días.)
Pasiva: *A shop **was opened** a few days ago.*
(Abriuse unha tenda hai uns días.)

Ponse como suxeito o primeiro complemento que haxa detrás do verbo na voz activa, xa sexa o directo ou o indirecto.
Activa: *They **invented sunglasses** to protect our eyes.*
(Inventaron as lentes de sol para protexer os nosos ollos.)
Pasiva: ***Sunglasses were invented** to protect our eyes.*
(As lentes de sol inventáronse para protexer os nosos ollos.)
Se o complemento é un pronome persoal, cámbiase pola súa correspondente forma de suxeito.
Activa: *He **told me** all his plans.*
(Contoume todos os seus plans.)
Pasiva: ***I was told** all his plans.*
(Contáronme todos os seus plans.)

Pásase o suxeito da oración activa ao final da pasiva precedido de ***by***.
Activa: ***Many people visit** London every year.*
(Moitas persoas visitan Londres cada ano.)
Pasiva: *London **is visited** every year **by many people**.*
(Londres é visitado por moitas persoas cada ano.)
Se o suxeito é un pronome persoal, cámbiase polo pronome obxecto correspondente.
Activa: ***He found** the wallet.*
(Atopou a carteira.)
Pasiva: *The wallet **was found by him**.*
(A carteira foi atopada por el.)

- As **expresións temporais** que se empregan na voz pasiva son as mesmas que na activa. Polo tanto, se o verbo está en presente úsanse ***every day*** / ***week*** / ***year***, ***once*** / ***twice a year***, ***on*** + un día da semana en plural, ou adverbios como ***usually***, ***sometimes***, etc. Se o verbo está en pasado, empréganse ***last night*** / ***week***, ***at*** + unha hora, ***on*** + un día ou unha data, ***in*** + un ano, ***in the past***, ***yesterday***, etc.

MODULE ❷

0 *Present Perfect Simple*

Afirmativa	Forma contraída
I **have talked**	I**'ve talked**
You **have talked**	You**'ve talked**
He **has talked**	He**'s talked**
She **has talked**	She**'s talked**
It **has talked**	It**'s talked**
We **have talked**	We**'ve talked**
You **have talked**	You**'ve talked**
They **have talked**	They**'ve talked**
Negativa	**Forma contraída**
I **have not talked**	I **haven't talked**
You **have not talked**	You **haven't talked**
He **has not talked**	He **hasn't talked**
She **has not talked**	She **hasn't talked**
It **has not talked**	It **hasn't talked**
We **have not talked**	We **haven't talked**
You **have not talked**	You **haven't talked**
They **have not talked**	They **haven't talked**

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	**Negativa**
Have I **talked** … ?	Yes, I **have**.	No, I **haven't**.
Have you **talked** … ?	Yes, you **have**.	No, you **haven't**.
Has he **talked** … ?	Yes, he **has**.	No, he **hasn't**.
Has she **talked** … ?	Yes, she **has**.	No, she **hasn't**.
Has it **talked** … ?	Yes, it **has**.	No, it **hasn't**.
Have we **talked** … ?	Yes, we **have**.	No, we **haven't**.
Have you **talked** … ?	Yes, you **have**.	No, you **haven't**.
Have they **talked** … ?	Yes, they **have**.	No, they **haven't**.

- **Afirmativa:** suxeito + ***have*** / ***has*** + verbo en participio.
  *I **have signed** the document.* (Asinei o documento.)
- **Negativa:** suxeito + ***have*** / ***has*** + ***not*** ou ***n't*** + verbo en participio.
  *She **hasn't read** that book.* (Ela non leu ese libro.)
- **Interrogativa:** ***Have*** / ***Has*** + suxeito + verbo en participio.
  ***Have** you **received** my letter?* (Recibiches a miña carta?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***have*** / ***has*** ou ***haven't*** / ***hasn't***.
  ***Has** he **been** ill? Yes, he **has**. / No, he **hasn't**.*
  (El estivo enfermo? Estivo. Si. / Non.)

- Co *Present Perfect Simple* adoitan empregarse as seguintes **expresións temporais** e **adverbios**:

ever	INTERROGATIVA: algunha vez	***Have** you **ever travelled** abroad?* (Algunha vez viaxaches ao estranxeiro?)
	NEGATIVA: nunca, xamais	*I **haven't ever watched** that film.* (Nunca vin esa película.)
never	AFIRMATIVA: nunca, xamais	*She **has never called** me.* (Nunca me chamou.)
always	sempre	*You**'ve always been** her friend.* (Sempre fuches a súa amiga.)
already	AFIRMATIVA: xa	*We**'ve already finished** the exam.* (Xa rematamos o exame.)
just	AFIRMATIVA: acabar / rematar de	*They **have just arrived** here.* (Acaban de chegar aquí.)
yet	NEGATIVA: aínda	*He **hasn't found** his glasses **yet**.* (Non atopou as súas lentes aínda.)
	INTERROGATIVA: xa	***Have** you **bought** any fruit **yet**?* (Compraches froita xa?)
for	desde hai, hai… que, levar + xerundio	*My brother **has lived** in Dublin **for** five years.* (Meu irmán leva vivindo en Dublín cinco anos.)
since	desde, dende	*I **haven't heard** from him **since** 2002.* (Non sei nada del dende 2002.)
recently	hai pouco	***Has** Lisa **talked** to you **recently**?* (Lisa xa falou contigo hai pouco?)
lately	ultimamente	*Jim **hasn't been** to the gym **lately**.* (Jim non foi ao ximnasio ultimamente.)
several times	varias veces	*They **have worked** for us **several times**.* (Traballaron para nós varias veces.)
so far	até o momento	*I **have read** two of the books in the series **so far**.* (Lin dous dos libros da serie até o momento.)
over the years	co tempo, ao longo dos anos	*Many children **have read** that book **over the years**.* (Moitos nenos leron ese libro ao longo dos anos.)

- Cómpre ter en conta que ***just***, ***already***, ***always***, ***ever*** e ***never*** se poñen entre o auxiliar ***have*** e o participio do verbo principal. ***Yet*** colócase ao final da frase, ***for*** vai seguida dun período de tempo pois indica a duración da acción, e ***since*** vai diante do momento en que comezou esta. O resto poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan poñerse ao final.

Os usos do *Present Perfect Simple*

Accións que comezaron no pasado e aínda continúan (leva ***for*** ou ***since*** e tradúcese en presente)	*I **have worked** here **for** a year.* (Traballo aquí desde hai un ano. / Hai un ano que traballo aquí. / Levo traballando aquí un ano.) *We **have lived** here **since** 2005.* (Vivimos aquí dende 2005.)
Accións pasadas que afectan ao presente ou teñen consecuencias no momento actual	*I **have broken** my arm. It hurts.* (Rompín o brazo. Dóeme.)
Accións pasadas sen especificar cando ocorreron	*They **have bought** a new car.* (Mercaron un coche novo.)
Accións moi recentes (leva ***just*** e tradúcese por "vir / acabar de" + infinitivo)	*The exam **has just begun**.* (O exame vén de comezar.)

Contraste *Present Perfect Simple* / *Past Simple*

O *Present Perfect Simple* sinala que o que ocorreu no pasado garda relación co presente e non di cando sucedeu.
En cambio, o *Past Simple* fala de accións pasadas que xa non afectan ao momento actual e sinala cando ocorreron.

*He **has written** many stories.* (El escribiu moitas historias.)
*He **wrote** a story yesterday.* (El escribiu unha historia onte.)

O *Past Perfect Simple*

Afirmativa	Forma contraída
I **had walked**	I**'d walked**
You **had walked**	You**'d walked**
He **had walked**	He**'d walked**
She **had walked**	She**'d walked**
It **had walked**	It**'d walked**
We **had walked**	We**'d walked**
You **had walked**	You**'d walked**
They **had walked**	They**'d walked**
Negativa	**Forma contraída**
I **had not walked**	I **hadn't walked**
You **had not walked**	You **hadn't walked**
He **had not walked**	He **hadn't walked**
She **had not walked**	She **hadn't walked**
It **had not walked**	It **hadn't walked**
We **had not walked**	We **hadn't walked**
You **had not walked**	You **hadn't walked**
They **had not walked**	They **hadn't walked**

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	**Negativa**
Had I **walked** … ?	Yes, I **had**.	No, I **hadn't**.
Had you **walked** … ?	Yes, you **had**.	No, you **hadn't**.
Had he **walked** … ?	Yes, he **had**.	No, he **hadn't**.
Had she **walked** … ?	Yes, she **had**.	No, she **hadn't**.
Had it **walked** … ?	Yes, it **had**.	No, it **hadn't**.
Had we **walked** … ?	Yes, we **had**.	No, we **hadn't**.
Had you **walked** … ?	Yes, you **had**.	No, you **hadn't**.
Had they **walked** … ?	Yes, they **had**.	No, they **hadn't**.

Emprégase para sinalar que unha acción ocorreu antes que outra no pasado. Esta última vai en *Past Simple*.

- **Afirmativa:** suxeito + ***had*** + verbo en participio.
  *The experts **had announced** their discovery.*
  (Os expertos anunciaran o seu descubrimento.)
- **Negativa:** suxeito + ***had not*** ou ***hadn't*** + verbo en participio.
  *He **hadn't broken** the window.*
  (El non rompera a ventá.)
- **Interrogativa:** ***Had*** + suxeito + verbo en participio.
  ***Had** you **made** a video?*
  (Fixerades un vídeo?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***had*** ou ***hadn't***.
  ***Had** she **seen** this film? Yes, she **had**. / No, she **hadn't**.*
  (Ela vira esta película? Vira. Si. / Non.)

Contraste *Past Perfect Simple* / *Past Simple*

- O *Past Perfect Simple* adoita ir en oracións acompañado doutro verbo que vai en *Past Simple*. O *Past Perfect Simple* sinala que acción ocorreu antes que a outra que está en *Past Simple*.
  *He **went** to the cinema, but the film **had** already **started**.*
  (El foi ao cine, mais a película xa comezara.)
- Para explicar o motivo polo que ocorreu algo no pasado, ponse o verbo principal da frase en *Past Simple* e a oración subordinada introducida por ***because*** en *Past Perfect Simple*.
  *I **was** tired **because** I **hadn't slept** well.*
  (Eu estaba cansa pois non durmira ben.)
- Cando aparecen o *Past Perfect Simple* e o *Past Simple* na mesma frase, adoitan empregarse as seguintes **expresións temporais** e **adverbios**:

before	antes	*I **had cleaned** the car **before** I went to the party.* (Limpara o coche antes de ir á festa.)
after	despois	*He ate some ice cream **after** he **had finished** lunch.* (Comeu xeado despois de rematar o almorzo.)

as soon as	tan pronto como	***As soon as*** *I* ***had got up****, I went to buy the newspaper.* (Tan pronto como me erguín, fun mercar o xornal.)
by the time	(para) cando	***By the time*** *he was five, he* ***had read*** *many books.* (Cando tiña cinco anos, xa lera moitos libros.)
until	até que	***Until*** *I went to Italy, I* ***hadn't eaten*** *real Italian food.* (Até que fun a Italia, nunca comera comida italiana de verdade.)
when	cando	*Ian* ***had finished*** *his homework* ***when*** *I arrived.* (Ian rematara os seus deberes cando cheguei.)
already	AFIRMATIVA: xa	*I* ***had already seen*** *Jim when he said hello to us.* (Xa vira a a Jim cando nos saudou.)
yet	NEGATIVA: aínda	*It was 3 am and the pub* ***hadn't closed yet****.* (Eran as tres da mañá e o pub non pechara aínda.)
	INTERROGATIVA: xa	*When you arrived at the station,* ***had*** *the train* ***left yet****?* (Cando chegaches á estación, xa marchara o tren?)

MODULE 3

O futuro con *be going to*

Formas
I **am** / I**'m going to run**
He **is not** / He **isn't** / He**'s not going to run**
Are you **going to run**?
Yes, we **are**. / No, I**'m not**. / Yes, she **is**.

Significa "ir" + infinitivo.

- **Afirmativa:** suxeito + ***am*** / ***is*** / ***are*** + ***going to*** + verbo na forma base.
  We ***are going to rent*** *a car.* (Imos alugar un coche.)
- **Negativa:** suxeito + ***am*** / ***is*** / ***are*** + ***not*** ou ***n't*** + ***going to*** + verbo na forma base.
  I'm not going to study *law.* (Non vou estudar Dereito.)
- **Interrogativa:** ***Am*** / ***Is*** / ***Are*** + suxeito + ***going to*** + verbo na forma base.
  Is *he* ***going to work*** *at the new restaurant?*
  (El vai traballar no restaurante novo?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***am*** / ***is*** / ***are*** ou ***'m not*** / ***isn't*** / ***aren't***.
  Are *you* ***going to have*** *lunch now? Yes, I* ***am****. / No, I****'m not****.*
  (Vas xantar agora? Vou. Si. / Non.)

Os usos do futuro con *be going to*

Falar de intencións, plans ou decisións	*I****'m going to visit*** *Alaska.* (Vou visitar Alasca.)
Expresar o que vai ocorrer porque vemos sinais diso	*She* ***is going to have*** *a baby.* (Ela vai ter un bebé.)

O *Present Simple* con valor de futuro

O *Present Simple* pode empregarse como tempo futuro cando vai seguido de programas e horarios.

The museum ***opens*** *at 10 o'clock.*
(O museo abre ás 10 en punto.)

O futuro con *will*

Formas
I **will** / I**'ll listen**
He **will not** / **won't listen**
Will you **listen** … ?
Yes, we **will.** / No, she **won't**.

- **Afirmativa:** suxeito + ***will*** + verbo na forma base.
  É igual en todas as persoas.
  Na conversa, ***will*** contrae co suxeito (***'ll***) e pronúnciase coma un só "l".
  I ***will be*** *fifteen next month.*
  (Terei / Farei quince (anos) o mes que vén.)
- **Negativa:** suxeito + ***will not*** ou ***won't*** + verbo na forma base.
  She ***won't tell*** *them your secret.*
  (Ela non lles contará o teu segredo.)
- **Interrogativa:** ***Will*** + suxeito + verbo na forma base.
  Will *you* ***get*** *tickets for the concert?*
  (Conseguirás entradas para o concerto?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***will*** ou ***won't***.
  Will *you* ***come*** *later? Yes, I* ***will****. / No, I* ***won't****.*
  (Virás logo? Virei. Si. / Non.)

Os usos do futuro con *will*

Anunciar accións ou feitos futuros	*I* ***will call*** *you later.* (Chamareite logo.)
Predicir o que se cre que ocorrerá	*I think it* ***will rain*** *tomorrow.* (Creo que choverá mañá.)
Expresar decisións súbitas	*It's beautiful. I'****ll take*** *a picture!* (É fermoso. Farei unha foto!)

- Con ***will*** e ***be going to*** adoitan empregarse as seguintes **expresións temporais**: ***in an hour*** (nunha hora), ***soon*** (pronto, axiña, dentro de pouco), ***tomorrow*** (mañá), ***later*** (máis tarde, logo), ***next month*** / ***year*** (o mes / ano que vén / vindeiro), etc. Tamén se empregan outras que sinalan un futuro afastado: ***in ten years*** (dentro de dez anos), ***in*** + un ano, ***one day*** (algún día), ***in the future*** (no futuro), etc.

Todas poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan pórse ao final.
***In the future**, more people **will live** in the city.*
(No futuro, vivirán máis persoas na cidade.)

O *Present Continuous* con valor de futuro

- Como se viu na unidade introdutoria, o *Present Continuous* expresa o que está a ocorrer no presente, mais tamén se emprega para anunciar plans persoais que ocorrerán no futuro vindeiro pois se fixaron de antemán.
  *I **am cooking** for my friends today.*
  (Hoxe cociño / cociñarei para os meus amigos.)
- Distínguese de ***be going to*** en que expresa algo certo, non unha intención, e do *Present Continuous* normal nas expresións temporais, que se refiren ao futuro e non ao presente.
  *I **am working** next weekend.*
  (Traballo / Traballarei a fin de semana que vén.)

O *Future Continuous*

Afirmativa	Forma contraída
I **will be eating**	I**'ll be eating**
You **will be eating**	You**'ll be eating**
He **will be eating**	He**'ll be eating**
She **will be eating**	She**'ll be eating**
It **will be eating**	It**'ll be eating**
We **will be eating**	We**'ll be eating**
You **will be eating**	You**'ll be eating**
They **will be eating**	They**'ll be eating**
Negativa	**Forma contraída**
I **will not be eating**	I **won't be eating**
You **will not be eating**	You **won't be eating**
He **will not be eating**	He **won't be eating**
She **will not be eating**	She **won't be eating**
It **will not be eating**	It **won't be eating**
We **will not be eating**	We **won't be eating**
You **will not be eating**	You **won't be eating**
They **will not be eating**	They **won't be eating**

Interrogativa	Respostas curtas	
	Afirmativa	Negativa
Will I **be eating** … ?	Yes, I **will**.	No, I **won't**.
Will you **be eating** … ?	Yes, you **will**.	No, you **won't**.
Will he **be eating** … ?	Yes, he **will**.	No, he **won't**.
Will she **be eating** … ?	Yes, she **will**.	No, she **won't**.
Will it **be eating** … ?	Yes, it **will**.	No, it **won't**.
Will we **be eating** … ?	Yes, we **will**.	No, we **won't**.
Will you **be eating** … ?	Yes, you **will**.	No, you **won't**.
Will they **be eating** … ?	Yes, they **will**.	No, they **won't**.

- **Afirmativa:** suxeito + ***will be*** + verbo principal rematado en ***-ing***.
  *She **will be travelling** to England on Tuesday.*
  (Ela estará a viaxar a Inglaterra o martes.)
- **Negativa:** suxeito + ***will not be*** ou ***won't be*** + verbo principal rematado en ***-ing***.
  *I **won't be riding** my bike.*
  (Non estarei montando en bici.)
- **Interrogativa:** ***Will*** + suxeito + ***be*** + verbo principal rematado en ***-ing***.
  ***Will** you **be participating** in the show?*
  (Estarás a participar no espectáculo?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***will*** ou ***won't***.
  ***Will** he **be doing** the shopping? Yes, he **will**. / No, he **won't**.*
  (El estará a facer a compra? Estará. Si. / Non.)
- Co *Future Continuous* adoitan empregarse as seguintes **expresións temporais**: ***(at) this time tomorrow*** (mañá a esta/s hora/s), ***at this time next …*** (o / a… que vén a esta/s hora/s), ***on*** + un día da semana, ***in the next decade*** (na vindeira década), ***this summer*** (este verán), ***at*** + unha hora, etc.
  Todas poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan poñerse ao final.
  ***At this time tomorrow**, we **will be lying** on the beach.*
  (Mañá a estas horas, estaremos deitados na praia.)

Os usos do *Future Continuous*

Indicar o que estará a ocorrer nun momento determinado no futuro	*I'**ll be visiting** my grandmother on Tuesday.* (Estarei a visitar á miña avoa o martes.)
Interesarse polos plans de alguén, de maneira especial se se quere acadar algo	***Will** you **be going** downtown today?* (Irás ao centro hoxe?)

O primeiro condicional

Emprégase para falar de accións que ocorrerán de cumprirse a condición sinalada.

- **Afirmativa:** a condición (oración subordinada) exprésase con ***if*** + *Present Simple* e o resultado (oración principal) adoita ir en futuro con ***will***. Se a condición vai primeiro, ponse unha coma entre a oración principal e a subordinada.
  ***If** he **doesn't find** a job here, he **will move** to London.*
  (Se el non atopa traballo aquí, mudarase a Londres.)
  *He **will move** to London **if** he **doesn't find** a job here.*
  (El mudarase a Londres se non atopa traballo aquí.)

- **Negativa:** pódese negar o verbo na condición, o resultado ou ambos os dous.
  ***If** you **don't come**, I **will be** sad.*
  (Se non vés, estarei triste.)
  ***If** you **come**, I **won't be** sad.*
  (Se vés, non estarei triste.)
  ***If** you **don't come**, I **won't be** sad.*
  (Se non vés, non estarei triste.)
- **Interrogativa:** ***Will*** + suxeito + predicado da oración principal + oración subordinada.
  ***Will** you **go** to bed early **if** you **are** tired?*
  (Irás cedo á cama se estás canso?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***will*** ou ***won't***.
  ***Will** she **send** the letter **if** she **writes** it? Yes, she **will**. / No, she **won't**.* (Ela enviará a carta se a escribe? Enviará. Si. / Non.)

Para expresar que algo ocorrerá ou non ocorrerá se non se cumpre a condición, a subordinada introdúcese pola conxunción ***unless***, que equivale a ***if not*** (a non ser que, a menos que, se no). Esta conxunción úsase con bastante asiduidade no primeiro condicional, mais é menos frecuente no segundo e nunca se emprega no terceiro.

***Unless** the rain **stops**, we **will stay** at home.*
(A non ser que pare / A menos que pare / Se non para a chuvia, quedaremos na casa.)

O segundo condicional

Emprégase para falar de accións hipotéticas referidas ao presente, isto é, que é pouco probábel que ocorran, e tamén para dar consellos.

- **Afirmativa:** a condición exprésase con ***if*** + *Past Simple*, e o resultado, con ***would*** (ou a contracción ***'d***) + verbo na forma base.
  ***If** I **went** to Greece, I **would visit** Athens.*
  (Se fose a Grecia, visitaría Atenas.)

  No canto de ***would***, podemos empregar o verbo modal ***could*** no resultado, mais este sinala que a probabilidade de que se cumpra a hipótese é aínda menor. A estrutura ***could*** + verbo na forma base equivale ao verbo "poder" en condicional + infinitivo, ou ás expresións "talvez" ou "quizais" + condicional.
  ***If** you **had** millions, you **could buy** a new house.*
  (Se tiveses millóns, poderías mercar / talvez mercarías unha casa nova.)

  Se o verbo da condición é ***to be***, adoita empregarse ***were*** en todas as persoas do singular e do plural.
  ***If** he **were** home, he**'d open** the door.*
  (Se el estivese na casa, abriría a porta.)

  Para dar consellos emprégase a fórmula ***If I were***.
  ***If I were** you, I**'d go** to the new market.*
  (Eu de ti, iría ao mercado novo.)
- **Negativa:** pode negarse a condición, o resultado ou ambos os dous.
  ***If** I **didn't have** a car, I **would go** by bus.*
  (Se eu non tivese coche, iría en autobús.)
  ***If** I **had** a car, I **wouldn't go** by bus.*
  (Se eu tivese coche, non iría en autobús.)
  ***If** I **didn't have** a car, I **wouldn't go** by bus.*
  (Se eu non tivese coche, non iría en autobús.)
- **Interrogativa:** ***Would*** + suxeito + predicado da oración principal + oración subordinada.
  ***Would** you **call** me **if** you **had** a problem?*
  (Chamaríasme se tiveses un problema?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***would*** ou ***wouldn't***.
  ***Would** she **learn** Chinese **if** she **had** time? Yes, she **would**. / No, she **wouldn't**.*
  (Ela aprendería chinés se tivese tempo? Aprendería. Si. / Non.)

O terceiro condicional

Emprégase para falar de condicións totalmente imposíbeis, pois refírense ao pasado e xa non poden realizarse.

- **Afirmativa:** a condición exprésase con ***if*** + *Past Perfect Simple*, e o resultado, con ***would have*** + participio.
  ***If** I **had finished** the project, I **would have gone** on holiday.*
  (Se tivera rematado o proxecto, tería ido de vacacións.)
- **Negativa:** pode negarse a condición, o resultado ou ambos os dous.
  ***If** I **hadn't arrived** late, I **would have seen** the film.*
  (Se non tivera chegado tarde, tería visto a película.)
  ***If** I **had arrived** late, I **wouldn't have seen** the film.*
  (Se tivera chegado tarde, non tería visto a película.)
  ***If** I **hadn't arrived** late, I **wouldn't have missed** the film.*
  (Se non tivera chegado tarde, no tería perdido a película.)
- **Interrogativa:** ***Would*** + suxeito + ***have*** + participio + resto do predicado da oración principal + oración subordinada.
  ***Would** you **have remembered** his name **if** I **hadn't told** you?*
  (Terías lembrado o seu nome se non cho tivera dito?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***would have*** ou ***wouldn't have***.
  ***Would** he **have arrived** on time **if** someone **had driven** him? Yes, he **would have**. / No, he **wouldn't have**.*
  (Tería chegado a tempo se alguén o tivera levado en coche? Tería. Si. / Non.)

MODULE 4

must

Formas
I **must tell** you.
He **mustn't tell** you.

- **Afirmativa:** suxeito + ***must*** + verbo en forma base. Expresa a obriga e a necesidade ou conveniencia de facer algo, e significa "deber". Ademais, pode empregarse para dar consellos e tamén para recomendar algunha cousa (neste caso, adoita traducirse por "ter que").
  *You **must study** for the test.*
  (Debes estudar para o exame.) [obriga]
  *You **must go** to the new restaurant. It's great!*
  (Tes que ir ao restaurante novo. É xenial!) [recomendación]
- **Negativa:** suxeito + ***must not*** ou ***mustn't*** (a máis habitual é a segunda) + verbo na forma base. Expresa prohibición, que algo non está permitido, e tamén que algo non se debe facer porque non convén ou non é o correcto. Ademais, pode empregarse para dar consellos.
  *You **mustn't eat** at the library.*
  (Non debes comer na biblioteca.) [está prohibido]
  *You **mustn't lie** to the teacher.*
  (Non debes mentirlle ao profesor.) [non é correcto]
  *You **mustn't forget** to take your camera.*
  (Non debes esquecer coller a cámara.) [consello]
- **Interrogativa:** ***Must*** + suxeito + verbo na forma base. Neste caso, ***must*** expresa obriga ou necesidade, aínda que este verbo modal non adoita empregarse na forma interrogativa.
  ***Must** I **call** the police?* (Debo chamar á policía?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***must***.
  ***Must** you **leave** now? Yes, I **must**.* (Debes marchar agora? Debo. Si.)

have to

Formas
I **have to go** soon.
He **doesn't have to go** soon.
Do you **have to go** soon?
Yes, we **do**. / No, she **doesn't**.

- **Afirmativa:** suxeito + ***have*** / ***has to*** + verbo na forma base. Significa "ter que" e expresa, como ***must***, a obriga ou necesidade de facer algo. A diferenza é que ***have to*** si se conxuga e, por iso, pode empregarse en distintos tempos verbais.
  *We **had to go** to the doctor yesterday.*
  (Tivemos que ir ao médico onte.)
- **Negativa:** suxeito + ***don't*** / ***doesn't have to*** + verbo na forma base. Significa "non ter que / por que".
  *He **doesn't have to buy** me a present.*
  (El non ten que / por que mercarme un agasallo.)
  Lembra que ***have to*** significa o mesmo que ***must***, pero ***don't have to*** e ***mustn't*** non son equivalentes.
  *You **don't have to go**.*
  (Non tes que / por que ir.) [non é preciso]
  *You **mustn't go**.*
  (Non debes ir.) [está prohibido]
- **Interrogativa:** ***Do*** / ***Does*** + suxeito + ***have to*** + verbo na forma base.
  ***Do** you **have to do** any homework this afternoon?*
  (Tes que facer deberes esta tarde?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***do*** / ***does*** ou ***don't*** / ***doesn't***.
  ***Does** she **have to leave** now? Yes, she **does**. / No, she **doesn't**.*
  (Ela ten que marchar agora? Ten. Si. / Non.)

need to

Formas
I **need to sleep** now.
He **doesn't need to sleep** now.
Do you **need to sleep** now?
Yes, we **do**. / No, she **doesn't**.

Need to significa "ter que" e expresa, como ***have to***, a obriga ou necesidade de facer algo. Pódese conxugar e, xa que logo, pode empregarse en distintos tempos verbais.

- **Afirmativa:** suxeito + ***need*** / ***needs to*** + verbo na forma base.
  *She **needs to eat** something because she is very hungry.*
  (Ela ten que comer algo pois ten moita fame.)
- **Negativa:** suxeito + ***don't*** / ***doesn't need to*** + verbo na forma base.
  *You **don't need to help** me.*
  (Non tes que / por que axudarme.)
- **Interrogativa:** ***Do*** / ***Does*** + suxeito + ***need to*** + verbo na forma base.
  ***Do** you **need to buy** something for dinner?*
  (Tes que mercar algo para a cea?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***do*** / ***does*** ou ***don't*** / ***doesn't***.
  ***Do** we **need to call** the doctor? Yes, we **do**. / No, we **don't**.*
  (Temos que chamar o médico? Temos. Si. Non.)

should

Formas
I **should use** it.
He **shouldn't use** it.
Should you **use** it?
Yes, we **should**. / No, she **shouldn't**.

Should emprégase para dar ou pedir consellos e para dicir o que se debería ou non facer.

- **Afirmativa:** suxeito + ***should*** + verbo na forma base.
  *I **should go** to bed early.*
  (Debería deitarme cedo.)
- **Negativa:** suxeito + ***should not*** ou ***shouldn't*** (a forma máis habitual é a segunda) + verbo na forma base.
  *Schools **shouldn't sell** fizzy drinks.*
  (Os colexios no deberían vender refrescos con gas.)
- **Interrogativa:** ***Should*** + suxeito + verbo na forma base.
  ***Should** we **come** again tomorrow?*
  (Deberiamos vir outra vez mañá?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***should*** ou ***shouldn't***.
  ***Should** I **leave** the door open? Yes, you **should**. / No, you **shouldn't**.*
  (Debería deixar a porta aberta? Deberías. Si. / Non.)

can

Formas
I **can swim** well.
He **can't** / **cannot** swim well.
Can you **swim** well?
Yes, we **can**. / No, she **can't**.

Can expresa habilidade ou capacidade para facer algo (saber), posibilidade (poder) e tamén se emprega para pedir permiso ou favores (poder).

- **Afirmativa:** suxeito + ***can*** + verbo na forma base.
  *I **can swim** very well.*
  (Sei nadar moi ben.)
  *We **can go** to the cinema tonight.*
  (Podemos ir ao cine esta noite.)
- **Negativa:** suxeito + ***cannot*** ou ***can't*** + verbo na forma base.
  *My brother **can't ride** his bike.*
  (Meu irmán non sabe / pode montar en bici.)
- **Interrogativa:** ***Can*** + suxeito + verbo na forma base.
  ***Can** you **do** me a favour?*
  (Podes facerme un favor?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***can*** ou ***can't***.
  ***Can** I **use** your phone? Yes, you **can**. / No, you **can't**.*
  (Podo usar o teu teléfono? Podes. Si. / Non.)

could

Formas
I **could play** the piano.
He **couldn't play** the piano.
Could you **play** the piano?
Yes, we **could**. / No, she **couldn't**.

Could expresa habilidade ou capacidade e posibilidade no pasado e tamén se pode empregar para pedir permiso ou favores de maneira máis educada que con ***can***.

- **Afirmativa:** suxeito + ***could*** + verbo na forma base.
  *I **could talk** when I was one year old.*
  (Eu sabía falar cando tiña un ano.)
  *They **could finish** their homework on time.*
  (Puideron rematar os deberes a tempo.)
- **Negativa:** suxeito + ***could not*** ou ***couldn't*** + verbo na forma base.
  *We **couldn't solve** the maths problem.*
  (Non soubemos / puidemos resolver o problema de matemáticas.)
- **Interrogativa:** ***Could*** + suxeito + verbo na forma base.
  ***Could** you **take** the train?* (Puideches coller o tren?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***could*** ou ***couldn't***.
  ***Could** you **take** me home? Yes, I **could**. / No, I **couldn't**.*
  (Poderías levarme á casa? Podería. Si. / Non.)

be able to

Formas de presente
I **am able to run** fast.
He **isn't able to run** fast.
Are you **able to run** fast?
Yes, we **are**. / No, she **isn't**. / Yes, I **am**.
Formas de pasado
I **was able to run** fast.
He **wasn't able to run** fast.
Were you **able to run** fast?
Yes, we **were**. / No, she **wasn't**.
Formas de futuro
I **will be able to run** fast.
He **won't be able to run** fast.
Will you **be able to run** fast?
Yes, we **will**. / No, she **won't**.

O mesmo que ***can***, serve para expresar habilidade ou capacidade e posibilidade, pero ***be able to*** pode conxugarse, polo que se emprega en distintos tempos verbais.

- **Afirmativa:** suxeito + ***to be*** no tempo correspondente + ***able to*** + verbo na forma base.
  *She **was able to work** with a broken arm.*
  (Ela puido traballar cun brazo roto.)

- **Negativa:** suxeito + ***to be*** no tempo correspondente + ***not*** ou ***n't*** + ***able to*** + verbo na forma base.
  *The baby **isn't able to walk** yet.*
  (O bebé non sabe camiñar aínda.)
- **Interrogativa:** en presente e en pasado, ***to be*** no tempo correspondente + suxeito + ***able to*** + verbo na forma base.
  En futuro, ***will*** + suxeito + ***be able to*** + verbo na forma base.
  ***Will** you **be able to come** tonight?*
  (Poderías vir esta noite?)
- **Respostas curtas:** en presente e pasado, ponse o pronome persoal suxeito + ***am*** / ***is*** / ***are*** ou ***was*** / ***were*** en afirmativa e ***'m not*** / ***isn't*** / ***aren't*** ou ***wasn't*** / ***weren't*** en negativa.
  En futuro ponse o pronome persoal suxeito + ***will*** ou ***won't***.
  ***Were** you **able to apologise** to him? Yes, I **was**. / No, I **wasn't**.*
  (Puideches pedirlle perdón? Puiden. Si. / Non.)

may, might

Formas		Usos
I **may come**.	I **might come**.	posibilidade
He **may not come**.	He **might not come**.	
May I **go** now?		permiso
Yes, you **may**. / No, you **may not**.		
You **may go** now.		
You **may not go** now.		

May (poida que, talvez) e ***might*** (puidese / podería ser que) expresan posibilidade en afirmativa e negativa, aínda que con ***might*** a posibilidade é máis remota.
May tamén se emprega para dar, pedir ou rexeitar permiso, ou para facer peticións educadas.

- **Afirmativa:** suxeito + ***may*** / ***might*** + verbo na forma base.
  *I **may / might be** late.*
  (Poida / Podería ser que chegue tarde.) [posibilidade]
  *You **may call** me in an hour.*
  (Podes chamarme dentro de unha hora.) [permiso]
- **Negativa:** suxeito + ***may*** / ***might not*** + verbo na forma base.
  *They **may / might not come** today.*
  (Poida / Podería ser que non veñan hoxe.) [posibilidade]
  *You **may not open** the door now.*
  (Non podedes abrir a porta agora.) [permiso]
- **Interrogativa:** ***May*** + suxeito + verbo na forma base.
  En interrogativa adoita empregarse ***may*** e ten o significado de permiso ou petición, non o de posibilidade.
  ***May** I **have** some water?* (Podo tomar auga?)
- **Respostas curtas:** ponse o pronome persoal suxeito + ***may*** ou ***may not***.
  ***May** I **go** with you? Yes, you **may**. / No, you **may not**.*
  (Podo ir contigo? Podes. Si. / Non.)

O comparativo dos adverbios

- Os adverbios de modo describen a forma en que se realiza a acción. Con eles respóndese as preguntas que comezan con ***How … ?*** (Como…?).
  Os máis fórmanse engadindo a terminación ***-ly*** ao adxectivo correspondente.
  *They eat **slowly**.* (Comen amodo.)

  Se o adxectivo remata en **consoante** + ***y***, cámbiase o ***y*** por un ***i*** e logo engádese ***-ly***.
  *It all ended **happily**.* (Todo acabou felizmente.)
- O comparativo dos adverbios emprégase para comparar dúas accións e fórmase deste xeito: ***more*** / ***less*** + adverbio + ***than***.
  *You listened to it **more carefully than** I did.*
  (Escoitáchelo con máis atención ca min.)
  *She works **less efficiently than** me.*
  (Ela traballa con menos eficiencia ca min.)
- Con ***as*** + adverbio + ***as*** indícase que dúas accións se realizan da mesma maneira.
  *We ran **as fast as** you.* (Corremos tan rápido coma ti.)

Os adverbios irregulares

Ao non seguiren regra ningunha, cómpre aprender de memoria estes adverbios e a súa forma comparativa.

Adxectivo	Adverbio	Comparativo
fast (rápido/a)	**fast** (rapidamente, axiña)	**faster than**
hard (duro/a; difícil)	**hard** (arreo, moito)	**harder than**
high (alto/a)	**high** (alto)	**higher than**
far (lonxano/a)	**far** (lonxe)	**farther / further than**
good (bo/a)	**well** (ben)	**better than**
bad (malo/a; mao / má)	**badly** (mal)	**worse than**

MODULE ❺

O xerundio e o infinitivo

O xerundio

É a forma verbal rematada en ***-ing***. Funciona coma substantivo nos seguintes casos:

- Como suxeito da oración cando se fala de accións ou feitos en xeral.
  ***Playing** with my friends in the park is fun.*
  (Xogar cos meus amigos no parque é divertido.)

- Como complemento directo dalgúns verbos: ***finish***, ***enjoy***, ***avoid***, ***miss***, ***recommend***, ***suggest***, ***imagine***, ***regret***, ***keep***, ***mind***, ***dislike***, etc.
  *She **dislikes eating** broccoli.*
  (A ela non lle gusta comer brócoli.)
- Detrás das preposicións.
  *We are thinking **about studying** abroad.*
  (Estamos a pensar en estudar no estranxeiro.)
- Detrás dalgunhas estruturas: ***can't stand***, ***feel like***, ***don't mind***, ***it's no use***, ***look forward to***, ***have no problem***, ***have fun***, etc.
  *I **had no problem arriving** at my destination.*
  (Non tiven problemas para chegar ao meu destino.)

O infinitivo

É a forma verbal precedida de ***to*** e emprégase nestes casos:

- Detrás de verbos como ***decide***, ***want***, ***promise***, ***hope***, ***pretend***, ***refuse***, ***offer***, ***agree***, ***seem***, ***appear***, ***choose***, ***expect***, ***learn***, ***plan***, ***wish***, ***allow***, etc.
  *He **refused to talk** to his teacher.*
  (El negouse a falarlle ao seu profesor.)
- Detrás de adxectivos tales como ***easy***, ***happy***, ***sad***, ***lucky***, ***hard***, ***nice***, ***weak***, etc.
  *I was too **weak to finish** the race.*
  (Eu estaba débil de máis para rematar a carreira.)

Verbos seguidos de xerundio e de infinitivo

Algúns verbos (***like***, ***love***, ***hate***, ***prefer***, ***begin***, ***start***, ***continue***, etc.) poden ir seguidos de xerundio ou de infinitivo sen que o seu significado varíe.
*They **like going / to go** to summer camps.*
(Gústalles ir aos campamentos de verán.)

As oracións de relativo

Son oracións subordinadas que achegan información engadida sobre o antecedente que se menciona na oración principal.
Van introducidas polos pronomes relativos ***who***, ***which***, ***where***, ***when***, ***whose*** e ***that***.

As oracións de relativo especificativas

Achegan información esencial para identificar o antecedente. Os pronomes relativos poden ser suxeito ou complemento da oración subordinada. Se funcionan como complemento, poden omitirse os pronomes ***who***, ***which***, ***when*** e ***that***.

- ***Who***: emprégase cando o antecedente é unha persoa. Pode substituírse por ***that***.
  *He is the person **who / that** wrote the song.*
  (El é a persoa que escribiu a canción.)
  *Those are the tourists (**who / that**) we saw this morning.*
  (Eses son os turistas que vimos esta mañá.)
  Na linguaxe formal, ás veces emprégase ***whom*** no canto de ***who*** cando funciona como complemento da oración de relativo.
  *That's the boy (**whom**) I met yesterday.*
  (Ese é o rapaz que coñecín onte.)
- ***Which***: emprégase para se referir a cousas ou animais. Pódese substituír por ***that***.
  *This is the car **which / that** is so expensive.*
  (Este é o coche que é tan caro.)
  *I didn't like the film (**which / that**) she recommended.*
  (Non me gustou a película que ela recomendou.)
- ***Where***: emprégase cando o antecedente é un lugar.
  *This is the city **where** I was born.*
  (Esta é a cidade onde nacín.)
- ***When***: emprégase cando o antecedente é unha cláusula temporal. Adoita substituírse por ***that*** cando vai despois de substantivos que fan referencia ao tempo (***day***, ***week***, ***year***, ***time***, etc.).
  *That was the year (**when / that**) you moved.*
  (Ese foi o ano en que te mudaches.)
- ***Whose***: emprégase cando o antecedente é unha persoa. Expresa posesión.
  *He is the man **whose** wife was my teacher.*
  (É o home cuxa esposa foi a miña profesora.)

MODULE 6

O estilo indirecto

Emprégase para contar o que dixo alguén sen repetir exactamente as súas palabras.

Reported statements

- Empréganse os verbos ***say*** ou ***tell*** e a conxunción ***that*** (esta adoita omitirse no inglés falado), quítanse as comiñas e cámbianse o pronome suxeito e a persoa do verbo.
- O verbo ***tell*** vai sempre seguido dun complemento indirecto sen a preposición ***to***. O verbo ***say*** non adoita levar complemento indirecto, mais de levalo debe de ir con esa preposición.
- O verbo que introduce a subordinada en estilo indirecto adoita ir en pasado (***said*** / ***told***), polo que o verbo da subordinada introducida por ***that*** dá un salto atrás no tempo.

Estilo directo	Estilo indirecto
Present Simple	***Past Simple***
*"I **recommend** the new restaurant," Sandra said.* *Sandra said that she **recommended** the new restaurant.* (Sandra dixo que recomendaba o restaurante novo.)	
Present Continuous	***Past Continuous***
*"He **is cooking** dinner for his family," Ann told me.* *Ann told me that he **was cooking** dinner for his family.* (Ann díxome que el estaba a facer a cea para a súa familia.)	
Past Simple	***Past Perfect Simple***
*"We **walked** home after school," Peter said.* *Peter said that they **had walked** home after school.* (Peter dixo que camiñara á casa despois do colexio.)	
Present Perfect Simple	***Past Perfect Simple***
*"I **have seen** the accident," the boy told the reporter.* *The boy told the reporter that he **had seen** the accident.* (O neno díxolle ao xornalista que vira o accidente.)	
will	**would**
*"I **will bring** my camera," Claire said.* *Claire said that she **would bring** her camera.* (Claire dixo que levaría a súa cámara.)	
can	**could**
*"You **can take** a nap," Mum told us.* *Mum told us that we **could take** a nap.* (Mamá díxonos que podiamos botar unha sesta.)	
must	**had to**
*"You **must come back** quickly after school," Dad said.* *Dad said that I **had to come back** quickly after school.* (Papá dixo que tiña que volver rápido logo do colexio.)	

- Cando a frase enuncia unha verdade xeral, non hai cambio nos tempos verbais:
  *"His last film **is** really good," she said.*
  *She said that his last film **is** really good.*
  (Ela dixo que a súa última película é moi boa.)
- O cambio de estilo directo a indirecto tamén afecta ás expresións de tempo e de lugar, aos demostrativos e aos posesivos:

Estilo directo	Estilo indirecto
now	then
today, tonight	that day, that night
tomorrow	the next / following day, the day after
yesterday	the previous day, the day before
next week / year	the following week / year, the week / year after
last week / year	the week / year before, the previous week / year
a month ago	the month before, the previous month
here	there
this, these	that, those
my	his / her

Reported questions

Hai dous tipos de preguntas en inglés:

- As ***Yes / No questions*** son as que se poden responder cun "si" ou cun "non". Para pasalas a estilo indirecto emprégase o verbo ***ask*** en pasado seguido de ***if*** ou ***whether*** e, a continuación, o suxeito e o verbo. Como a pregunta deixa de selo e se converte nunha afirmativa, non hai inversión suxeito-verbo nin signo de interrogación, e tampouco comiñas.
  "Do you recycle bottles?" she asked.
  *She **asked if / whether** we recycled bottles.*
  (Ela preguntou se reciclabamos botellas.)
- As ***Wh- questions*** non se poden contestar cun "si" ou cun "non". Son as que comezan cunha partícula interrogativa (***what***, ***who***, ***where***, ***when***, ***why***, ***whose***, ***how***, etc.). Ao pasalas ao estilo indirecto ponse o verbo ***ask*** en pasado seguido da devandita partícula (no canto de ***if*** ou ***whether***). Logo van o suxeito e o verbo, e prescíndese do signo de interrogación e das comiñas.
  "How is your family?" she asked.
  *She **asked how** my family was.*
  (Ela preguntou como estaba a miña familia.)

As preguntas en estilo indirecto poden expresar algo do que non se está certo ou que non se sabe.

*They **wanted to know / wondered** what the girl's real name was.*
(Querían saber / Preguntábanse cal era o nome real da nena.)

Reported orders

Para pasarmos unha orde a estilo indirecto ponse o verbo ***order*** ou ***tell*** en pasado e, a continuación, o verbo que estaba en imperativo cámbiase por un infinitivo con ***to*** (o verbo ***tell*** sempre debe ir seguido dun obxecto indirecto). Con esta mesma estrutura pode empregarse ***warn*** para advertir a alguén de algo.

"Be careful!" he said to me.
*He **told me to be** careful.*
(El díxome que tivese coidado.)

Cando se trata dunha oración negativa, ponse ***not*** diante de ***to***.

"Don't open the hamster's cage," she said to him.
*She **ordered him not to open** the hamster's cage.*
(Ela ordenoulle que non abrise a gaiola do hámster.)

Reported offers

Para pasarmos un ofrecemento a estilo indirecto ponse o verbo ***offer*** ou ***promise*** en pasado e, a continuación, o verbo en infinitivo con ***to***.

"I'll help you with the shopping bags," she told me.
*She **offered to help** me with the shopping bags.*
(Ela ofreceuse a axudarme coas bolsas da compra.)

Cando se trata dunha oración negativa, ponse ***not*** diante de ***to***.

"I won't be home late," he said.
*He **promised not to be** home late.*
(El prometeu que non chegaría tarde á casa.)

Reported suggestions

Para pasarmos unha suxestión a estilo indirecto ponse o verbo ***suggest*** ou ***recommend*** en pasado e, a continuación, dise o que suxeriu esa persoa. Tamén se poden empregar ***advise*** para dar consello e ***invite*** para facer unha invitación. Estes últimos sempre van seguidos dun obxecto indirecto e o verbo en infinitivo con ***to***.

"You should go to the doctor," he said to me.
*He **advised me to go** to the doctor.*
(El aconselloume que fose ao médico.)

As suxestións con ***suggest*** e ***recommend*** poden pasarse a estilo indirecto de dúas formas:

- Empregando unha oración de obxecto directo introducida por ***that***, co seu suxeito e o verbo na forma base.
  "You should eat healthy food," he said.
  *He **recommended that I eat** healthy food.*
  (El recomendoume que comese comida sa.)
- Empregando o xerundio, sen especificar ningún suxeito.
  "Let's buy some popcorn," she said.
  *She **suggested buying** some popcorn.*
  (Ela suxeriu mercar flocos de millo.)

IRREGULAR VERB LIST

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
be /biː/	was/were /wɒz/wɜː/	been /biːn/	ser, estar
beat /biːt/	beat /biːt/	beaten /'biːtn/	golpear, bater
become /bɪ'kʌm/	became /bɪ'keɪm/	become /bɪ'kʌm/	chegar a ser, converterse
begin /bɪ'gɪn/	began /bɪ'gæn/	begun /bɪ'gʌn/	comezar, empezar
bend /bend/	bent /bent/	bent /bent/	dobrar(se)
bet /bet/	bet /bet/	bet /bet/	apostar
bite /baɪt/	bit /bɪt/	bitten /'bɪtn/	trabar, morder
bleed /bliːd/	bled /bled/	bled /bled/	sangrar
blow /bləʊ/	blew /bluː/	blown /bləʊn/	soprar
break /breɪk/	broke /brəʊk/	broken /'brəʊkən/	crebar, romper, rachar
bring /brɪŋ/	brought /brɔːt/	brought /brɔːt/	traer
build /bɪld/	built /bɪlt/	built /bɪlt/	construír
burn /bɜːn/	burnt/burned /bɜːnt/bɜːnd/	burnt/burned /bɜːnt/bɜːnd/	queimar
buy /baɪ/	bought /bɔːt/	bought /bɔːt/	mercar, comprar
catch /kætʃ/	caught /kɔːt/	caught /kɔːt/	coller, agarrar
choose /tʃuːz/	chose /tʃəʊz/	chosen /'tʃəʊzn/	elixir
come /kʌm/	came /keɪm/	come /kʌm/	vir
cost /kɒst/	cost /kɒst/	cost /kɒst/	custar
cut /kʌt/	cut /kʌt/	cut /kʌt/	cortar
dig /dɪg/	dug /dʌg/	dug /dʌg/	cavar, sachar
do /duː/	did /dɪd/	done /dʌn/	facer
draw /drɔː/	drew /druː/	drawn /drɔːn/	debuxar
dream /driːm/	dreamt/dreamed /dremt/driːmd/	dreamt/dreamed /dremt/driːmd/	soñar
drink /drɪŋk/	drank /dræŋk/	drunk /drʌŋk/	beber
drive /draɪv/	drove /drəʊv/	driven /'drɪvn/	conducir
eat /iːt/	ate /eɪt/	eaten /'iːtn/	comer
fall /fɔːl/	fell /fel/	fallen /'fɔːlən/	caer
feed /fiːd/	fed /fed/	fed /fed/	alimentar
feel /fiːl/	felt /felt/	felt /felt/	sentir(se)
fight /faɪt/	fought /fɔːt/	fought /fɔːt/	loitar, pelexar
find /faɪnd/	found /faʊnd/	found /faʊnd/	atopar, achar, encontrar
fly /flaɪ/	flew /fluː/	flown /fləʊn/	voar
forget /fə'get/	forgot /fə'gɒt/	forgotten /fə'gɒtn/	esquecer
forgive /fə'gɪv/	forgave /fə'geɪv/	forgiven /fə'gɪvn/	perdoar
freeze /friːz/	froze /frəʊz/	frozen /'frəʊzn/	conxelar(se)
get /get/	got /gɒt/	got /gɒt/	conseguir; chegar
give /gɪv/	gave /geɪv/	given /'gɪvn/	dar
go /gəʊ/	went /went/	gone /gɒn/	ir
grow /grəʊ/	grew /gruː/	grown /grəʊn/	crecer; cultivar
hang /hæŋ/	hanged/hung /hæŋd/hʌŋ/	hanged/hung /hæŋd/hʌŋ/	pendurar, colgar
have /hæv/	had /hæd/	had /hæd/	ter; haber
hear /hɪə/	heard /hɜːd/	heard /hɜːd/	oír, ouvir
hide /haɪd/	hid /hɪd/	hidden /'hɪdn/	acocharse, agocharse
hit /hɪt/	hit /hɪt/	hit /hɪt/	golpear, bater, pegar
hold /həʊld/	held /held/	held /held/	suxeitar, soster, termar de
hurt /hɜːt/	hurt /hɜːt/	hurt /hɜːt/	ferir, facer dano, mancar; doer
keep /kiːp/	kept /kept/	kept /kept/	gardar, manter
know /nəʊ/	knew /njuː/	known /nəʊn/	saber, coñecer
lay /leɪ/	laid /leɪd/	laid /leɪd/	poñer, pór; estender
lead /liːd/	led /led/	led /led/	guiar, conducir
learn /lɜːn/	learnt/learned /lɜːnt/lɜːnd/	learnt/learned /lɜːnt/lɜːnd/	aprender

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALEGO
leave /liːv/	left /left/	left /left/	deixar; irse, marchar, saír
lend /lend/	lent /lent/	lent /lent/	emprestar
let /let/	let /let/	let /let/	permitir, deixar
lie /laɪ/	lay /leɪ/	lain /leɪn/	tombarse, deitarse, botarse
lie /laɪ/ (regular verb)	lied /laɪd/	lied /laɪd/	mentir
light /laɪt/	lit /lɪt/	lit /lɪt/	acender, prender
lose /luːz/	lost /lɒst/	lost /lɒst/	perder
make /meɪk/	made /meɪd/	made /meɪd/	facer, fabricar
mean /miːn/	meant /ment/	meant /ment/	significar, querer dicir
meet /miːt/	met /met/	met /met/	coñecer a; quedar con
overcome /əʊvəˈkʌm/	overcame /əʊvəˈkeɪm/	overcome /əʊvəˈkʌm/	superar
pay /peɪ/	paid /peɪd/	paid /peɪd/	pagar
put /pʊt/	put /pʊt/	put /pʊt/	poñer, pór
quit /kwɪt/	quit/quitted /kwɪt/ˈkwɪtɪd/	quit/quitted /kwɪt/ˈkwɪtɪd/	deixar (de)
read /riːd/	read /red/	read /red/	ler
ride /raɪd/	rode /rəʊd/	ridden /ˈrɪdn/	montar
ring /rɪŋ/	rang /ræŋ/	rung /rʌŋ/	chamar (por teléfono)
rise /raɪz/	rose /rəʊz/	risen /ˈrɪzn/	elevarse, erguerse
run /rʌn/	ran /ræn/	run /rʌn/	correr
say /seɪ/	said /sed/	said /sed/	dicir
see /siː/	saw /sɔː/	seen /siːn/	ver
sell /sel/	sold /səʊld/	sold /səʊld/	vender
send /send/	sent /sent/	sent /sent/	enviar
set /set/	set /set/	set /set/	colocar
shake /ʃeɪk/	shook /ʃʊk/	shaken /ˈʃeɪkən/	axitar
shine /ʃaɪn/	shone /ʃɒn/	shone /ʃɒn/	brillar, escintilar
shoot /ʃuːt/	shot /ʃɒt/	shot /ʃɒt/	disparar
show /ʃəʊ/	showed /ʃəʊd/	shown /ʃəʊn/	amosar, ensinar
shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	pechar
sing /sɪŋ/	sang /sæŋ/	sung /sʌŋ/	cantar
sink /sɪŋk/	sank /sæŋk/	sunk /sʌŋk/	afundir
sit /sɪt/	sat /sæt/	sat /sæt/	sentar
sleep /sliːp/	slept /slept/	slept /slept/	durmir
smell /smel/	smelt/smelled /smelt/smeld/	smelt/smelled /smelt/smeld/	ulir, cheirar
speak /spiːk/	spoke /spəʊk/	spoken /ˈspəʊkən/	falar
spell /spel/	spelt/spelled /spelt/speld/	spelt/spelled /spelt/speld/	soletrear
spend /spend/	spent /spent/	spent /spent/	gastar; pasar (tempo)
stand /stænd/	stood /stʊd/	stood /stʊd/	estar a pé
steal /stiːl/	stole /stəʊl/	stolen /ˈstəʊlən/	roubar
stick /stɪk/	stuck /stʌk/	stuck /stʌk/	apegar, pegar
sting /stɪŋ/	stung /stʌŋ/	stung /stʌŋ/	picar (insecto)
sweep /swiːp/	swept /swept/	swept /swept/	varrer
swim /swɪm/	swam /swæm/	swum /swʌm/	nadar
take /teɪk/	took /tʊk/	taken /ˈteɪkən/	coller; levar
teach /tiːtʃ/	taught /tɔːt/	taught /tɔːt/	aprender, ensinar
tear /teə/	tore /tɔː/	torn /tɔːn/	romper, rachar, esgazar
tell /tel/	told /təʊld/	told /təʊld/	dicir, contar
think /θɪŋk/	thought /θɔːt/	thought /θɔːt/	coidar, pensar
throw /θrəʊ/	threw /θruː/	thrown /θrəʊn/	tirar; guindar
understand /ʌndeˈstænd/	understood /ʌndeˈstʊd/	understood /ʌndeˈstʊd/	comprender, entender
wake up /weɪk ˈʌp/	woke up /wəʊk ˈʌp/	woken up /wəʊkən ˈʌp/	espertar
wear /weə/	wore /wɔː/	worn /wɔːn/	levar posto, poñer, vestir
win /wɪn/	won /wʌn/	won /wʌn/	gañar
write /raɪt/	wrote /rəʊt/	written /ˈrɪtn/	escribir

PROGRESS CHECK TRANSLATION EXERCISES

Module 1

1. Os seguidores subiron ao escenario mentres o grupo estaba a tocar.
2. O intérprete contou un conto de fadas emocionante.
3. A xente adoitaba crer este mito antigo?
4. O grupo non fará ningún concerto en vivo este ano.
5. O videoclip é visto por espectadores todos os días?

Module 2

1. Seguírannos ao cámping?
2. Ela venceu o campión!
3. Non aprobaron esta ruta aínda.
4. El fixera exercicio antes de chegar.
5. Negueime a levar un gorro de natación.

Module 3

1. Becky ten febre. Irá ao colexio hoxe?
2. Eu de ti, daríalle esta roupa ás persoas sen fogar.
3. O meu papá melloraría se comese comida sa.
4. Se me mudo ás aforas, vivirei preto dos meus amigos.
5. Se Sam non tivera ido ao safari, non tería visto os grandes cairos dos elefantes.

Module 4

1. Podo correr máis rápido que todos os da miña clase.
2. O meu avó non debe comer manteiga porque ten o colesterol alto.
3. Sarah ten problemas de costas e ten que se operar.
4. Es tan desordenado como a túa irmá?
5. Teño que ir ao restaurante indio contigo? Non me gusta a comida picante.

Module 5

1. Agocharse trala porta e quedar calado foi un plan xenial.
2. Castigarán a calquera prisioneiro que tente fuxir.
3. Tomarei un respiro e irei a París tres días.
4. Para evitar problemas, a xente non debería andar soa pola noite.
5. Á xente gústalle reservar un cuarto nun hotel antes de chegar ao seu destino.

Module 6

1. O meu papá dixo que non lle gustaban as tarxetas de crédito porque se pagan comisións adicionais.
2. Jill suxeriu que me puxese as botas de coiro marróns coa blusa nova.
3. Díxenlle ao meu amigo que había un 20% de desconto na nova tenda de roupa.
4. Nick ofreceuse a me axudar a decorar o cuarto para a festa.
5. Anne preguntoulle ao seu irmán se quería ir ao cine.

WRITING GUIDE

ANTES DE ESCRIBIRMOS

Brainstorming

- Fai unha listaxe de ideas ou un mapa de preguntas relacionadas co tema (***who?***, ***what?***, ***when?***, ***where?***, ***why?***).
- Logo vas lelas e riscar as que creas que son irrelevantes.
- Pon as restantes na orde en que queiras presentalas.

ORGANIZACIÓN DO TEXTO

Paragraph structure

Un parágrafo ten tres partes:

- A primeira oración (*opening sentence*), que presenta a idea principal.
- O corpo do parágrafo (*body of paragraph*), que amplía a idea principal con información importante.
- A derradeira oración (*closing sentence*), que resume a idea principal e a repite con outras palabras.

Many tourists go on holiday to the Costa Brava, an area on the northeastern coast of Spain. — opening sentence

The area has got a pleasant climate and excellent beaches. It is also known for its delicious food. — body of paragraph

For this reason, the Costa Brava has become a popular holiday destination. — closing sentence

Text organisation

Un texto divídese en parágrafos. Cada parágrafo ten unha función diferente:

- O primeiro parágrafo (*opening*) introduce o tema.
- O corpo do texto (*body*) desenvolve o tema e subministra máis información.
- O derradeiro parágrafo (*closing*) resume o tema e expón unha conclusión.

My favourite actress is Jennifer Lawrence. I first saw her in the film *The Hunger Games* and I thought she was great. — opening

Jennifer Lawrence was born in Louisville, Kentucky, US, on 15th August, 1990. When she was 14 years old, she decided to be an actress. She started her acting career in the television comedy series *The Bill Engvall Show*. After that, she appeared in several films and received awards for her performance. After Lawrence starred in the film *Winter's Bone*, she became famous. In March 2011, Lawrence received the part of Katniss Everdeen in the film *The Hunger Games*. At age 22, she received the Academy Award for her performance in the romantic comedy *Silver Linings Playbook*. Later, she also received Golden Globe awards for her roles in the films *American Hustle* (2013) and *Joy* (2015). — body

I think Jennifer Lawrence is a fantastic actress. She is a real star and I am sure she will win many more awards for her acting. — closing

REPASA O ESCRITO

Checking your writing

A puntuación
(Punctuation)

- O punto (.) vai ao final das oracións afirmativas e negativas.
  It's stormy right now.
- A coma ou vírgula (,) úsase para separar palabras ou ideas. Polo xeral non se pon diante de ***and***.
  She speaks English, French, German and Italian.
- O sinal de interrogación (?) ponse ao final das preguntas.
  Is your father a musician?

- O sinal de exclamación (!) ponse ao final da frase e serve para expresar unha emoción ou un sentimento de abraio e para facer fincapé en algo.
  Wow! This is so much fun!
- O apóstrofo (') serve para indicar pertenza e tamén para xuntar dúas palabras contraéndoas.
  These shoes are Tom's. They aren't mine.
- Ao escribirmos un correo electrónico informal, adoita empregarse unha puntuación tamén informal, como a raia (–), os puntos suspensivos (...), as parénteses (()) ou o sinal de exclamación (!).
  Next week, we're going to visit Vasa – a great museum in Stockholm.
  Don't be so impatient. You'll see ...
  Anna (my friend's sister) is coming to visit us.
  See you tomorrow. I can't wait!
- As comiñas ou aspas (" ") empréganse para escribir o que a xente dixo citando as súas palabras exactas, e ponse unha vírgula entre a cita e o emisor.
  En inglés, a vírgula vai dentro das comiñas ou aspas (*"... with me," he said*), mentres que en galego vai fóra ("... comigo", dixo).
  "Please come with me," he said.

As maiúsculas
(Capital letters)

Escríbense con maiúscula:

- os nomes e títulos das persoas: *Olivia Stone*, *Mr Rose*, *Dr Brent*
- os nomes de lugares como cidades, países, continentes, edificios con sona, museos, etc.: *London*, *Peru*, *Asia*, *Tower Bridge*, *the Louvre*
- as nacionalidades: *Irish*, *German*, *British*
- os días: *Sunday*, *Tuesday*, *Thursday*
- os meses: *January*, *March*, *July*
- a primeira palabra dunha oración: *This is a good film.*
- o pronome persoal ***I***: *I like Italian food.*
- os idiomas: *French*, *Swedish*, *Chinese*
- as palabras importantes dos títulos de libros e películas, cancións, festividades e videoxogos:
  Alice in Wonderland *Easter, Christmas*
  This Is the Life *SimCity*

As preposicións de tempo
(Prepositions of time)

Úsanse diferentes preposicións diante das horas e os períodos de festa, os días e as datas, os meses, as estacións, os anos e as partes do día. É moi importante que saibas empregar a correcta en cada caso. Préstalle atención a estes exemplos:

• ***at***	horas:	*at four o'clock*
	festividades:	*at Christmas*
• ***on***	días da semana:	*on Monday*
	datas:	*on 15th August*
		on Christmas Day
• ***in***	meses:	*in September*
	estacións:	*in summer*
	anos:	*in 2012*
	partes do día:	*in the morning*
Excepcións:		*at the weekend*
		at night

A orde das palabras: suxeito – verbo
(Word order: subject – verb)

- O suxeito da oración ponse diante do verbo.
  He is your friend. *We like holidays.*
  s v s v
- Nas preguntas, o suxeito vai detrás do verbo ou entre o auxiliar e o verbo principal.
  Is he your friend? *Do you like holidays?*
  v s aux s v

A orde das palabras: as expresións temporais
(Word order: time expressions)

As expresións temporais poden ir ao comezo ou ao final da frase, aínda que é máis habitual poñelas ao final.

We drove to the lake yesterday.
time expr

Se van ao comezo, sepáranse da oración principal cunha vírgula.

Yesterday, we drove to the lake.
time expr

A orde das palabras: os adxectivos
(Word order: adjectives)

- Polo xeral van diante dos substantivos.
  clever students *long hair*
  adj n adj n

  Tamén van detrás do verbo ***to be***.
  The students are clever. *My hair is long.*
  v adj v adj

E detrás dos verbos estáticos.

It looks appetising. *I feel sad.*
v adj v adj

- Se hai varios adxectivos, adoitan ir nesta orde: opinión (o), tamaño (s), cor (c), nacionalidade (n).

It's a lovely, little Italian restaurant.
o s n

They serve the food on big blue plates.
s c

A orde das palabras: os adverbios
(Word order: adverbs)

- ***Adverbs of manner***: os adverbios de modo van detrás do verbo.

You sing beautifully.
v adv

- ***Adverbs of degree***: os adverbios de cantidade póñense diante dun adxectivo ou doutro adverbio.

She is very tall.
adv adj

You sing quite nicely.
adverb of degree adverb of manner

- ***Adverbs of frequency***: os adverbios de frecuencia adoitan ir diante do verbo.

He rarely watches TV in the evening.
adv v

Mais, se o verbo é ***to be***, o adverbio vai detrás.

Summer is always fun.
v adv

Os adxectivos posesivos e os pronomes
(Referencing)

Serven para facer referencia aos nomes amentados anteriormente e non repetilos.

My house is in a nice neighbourhood. ***It*** *is near the park.*

Ben and I are going to the park. Do you want to come with ***us****?*

Jade's keys are under the desk. Those are ***her*** *keys.*

As conxuncións finais
(Connectors of purpose)

As conxuncións finais empréganse para expresar a finalidade ou o propósito manifestado na oración principal: ***to***, ***in order to***, ***so that***, etc.

I called ***to*** *ask for help.*

I broke the window ***in order to*** *get out.*

We came quickly ***so that*** *we could help you.*

Facer que o texto sexa máis emocionante
(Making our writing more exciting)

Adoitan empregarse adxectivos e adverbios extremos para facer que as descricións (dun libro ou unha película, por exemplo) sexan máis emocionantes ou interesantes.

- Adxectivos: ***frightening***, ***thrilling***, ***horrible***, ***awful***, ***incredible***, etc.

The film has ***incredible*** *special effects.*

- Adverbios: ***extremely***, ***terribly***, ***beautifully***, ***really***, ***highly***, ***truly***, etc.

His new book is ***highly*** *recommended.*

Os conectores para introducir exemplos
(Presentation of examples)

Empréganse palabras e expresións como ***like***, ***for example*** e ***such as*** para introducir exemplos.

I enjoy doing sports ***like*** *running and rollerblading.*

There are rules in basketball. ***For example****, you mustn't kick the ball.*

Activities ***such as*** *shopping and visiting museums are my favourite ones.*

As conxuncións consecutivas
(Connectors of result)

As conxuncións consecutivas empréganse para describir o resultado dunha situación ou o efecto causado por algo: ***so***, ***as a result***, ***for this reason***, etc.

Your phone was ringing, ***so*** *I turned it off.*

We stayed up all night. ***As a result****, we are very tired.*

There was a traffic jam. ***For this reason****, I arrived home late.*

Feitos e opinións
(Facts and opinions)

- Un **feito** é algo que se sabe que é verdade e que a miúdo pode probarse.

There are 33 bones in a human spine.

A medium-sized banana has got about 105 calories.

- Unha **opinión** é o que unha persoa sente ou pensa sobre algo ou alguén.

This is a great idea.

I think you're wrong.

Os conectores para expresar opinións
(Expressing opinions)

Para expresar opinións polo xeral empréganse conectores como ***I think***, ***I feel***, ***in my opinion***, ***it seems***, ***if you ask me***, etc.

I think / feel *it's an incredible film.*

In my opinion*, tickets to the concert should be cheaper.*

It seems *quite nice.*

If you ask me*,* Game of Thrones *wasn't so good.*

Os conectores para introducir información
(Presenting information)

Para introducir información (feitos e opinións), empréganse expresións como ***in fact***, ***the truth is***, etc.

I haven't read the book. ***In fact****, I've never heard about it.*

The truth is*,* Scream *is a very scary film.*

As conxuncións copulativas
(Connectors of addition)

As conxuncións copulativas empréganse para relacionar dúas ou máis ideas e engadir información adicional. O máis común é ***and***. A mesma función pode ser exercida por algúns adverbios: ***also***, ***in addition*** *(****to****)* e ***moreover***.

Last night, I wrote an entry in my blog ***and*** *I wrote three e-mails.*

I read a book about the invention of the radio. I ***also*** *looked for information on the Internet.*

Yesterday, I studied many hours for the science test. ***In addition****, I wrote an essay.*

We're going to help stray animals. ***Moreover****, we'll give them a home.*

As expresións temporais
(Time expressions)

As expresións temporais empréganse para presentar con claridade a sucesión de acontecementos e explicar procesos: ***after a while***, ***eventually***, ***as soon as***, ***suddenly***, etc.

I went to buy tickets for the concert, but there were many people waiting. ***After a while****, I got tired of waiting and left.* ***As soon as*** *I left, I heard that there were no more tickets.* ***Eventually****, I went home and watched some videos on YouTube.*

As conxuncións adversativas
(Connectors of contrast)

As conxuncións adversativas empréganse para relacionar ideas opostas: ***but***, ***however***, ***although***, etc.

The dress is nice, ***but*** *it's expensive.*

I like this top. ***However****, it doesn't fit me very well.*

Although *I spent hours at the shopping centre, I didn't find a suitable outfit.*

CADROS RESUMO

TEMPOS VERBAIS	TENSES	OUTRAS EQUIVALENCIAS
PRESENTE	PRESENT SIMPLE	
eu xogo ti xogas el, ela xoga nós xogamos vós xogades eles, elas xogan	I play you play he, she, it plays we play you play they play	
PERÍFRASE	PRESENT CONTINUOUS	FUTURO: PERÍFRASE
eu estou a xogar / xogando ti estás a xogar / xogando el, ela está a xogar / xogando nós estamos a xogar / xogando vós estades a xogar / xogando eles, elas están a xogar / xogando	I am playing you are playing he, she, it is playing we are playing you are playing they are playing	eu vou xogar ti vas xogar el, ela vai xogar nós imos xogar vós ides xogar eles, elas van xogar
	FUTURE: *BE GOING TO*	
	I am going to play you are going to play he, she, it is going to play we are going to play you are going to play they are going to play	
FUTURO	FUTURO: *WILL*	
eu xogarei ti xogarás el, ela xogará nós xogaremos vós xogaredes eles, elas xogarán	I will play you will play he, she, it will play we will play you will play they will play	

PRETÉRITO IMPERFECTO	PAST CONTINUOUS	PERÍFRASE
eu xogaba ti xogabas el, ela xogaba nós xogabamos vós xogabades eles, elas xogaban	I was playing you were playing he, she, it was playing we were playing you were playing they were playing	eu estaba a xogar ti estabas a xogar el, ela estaba a xogar nós estabamos a xogar vós estabades a xogar eles, elas estaban a xogar
	PAST SIMPLE	
PRETÉRITO PERFECTO	I played you played he, she, it played we played you played they played	
eu xoguei ti xogaches el, ela xogou nós xogamos vós xogastes eles, elas xogaron	PRESENT PERFECT	PERÍFRASE
	I have played you have played he, she, it has played we have played you have played they have played	eu teño xogado ti tes xogado el, ela ten xogado nós temos xogado vós tedes xogado eles, elas teñen xogado
PRETÉRITO PLUSCUAMPERFECTO	PAST PERFECT	
eu xogara ti xogaras el, ela xogara nós xogaramos vós xogarades eles, elas xogaran	I had played you had played he, she, it had played we had played you had played they had played	